

Estimadas familias: como queira que estamos a recibir numerosas chamadas sobre o proceso de renovación do IES de Mos informamos do que segue.

1. Presentarse ou non como candidato ou candidata en representación dos diferentes sectores que constitúen a comunidade educativa do IES de Mos é unha decisión totalmente voluntaria e non procede sorteo ningún.

Para elixir os representantes dos pais, nais, titores ou titoras legais na mesa electora si que procede o sorteo. Terá lugar proximamente, será público e publicitado con antelación suficiente. Nese sorteo nomearanse titulares e suplentes.

2. O prazo para a presentación das candidaturas remata o próximo martes en horario de oficina, se presentan a candidatura presencialmente, ou ás 23h59' se a presentan por correo electrónico.

3. Adxuntamos un modelo de solicitude por ser do seu interese.

Reciban un saúdo cordial.

Xurxo Collazo Saavedra.
Director do IES de Mos.